



CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO DE CARA Á CONVOCATORIA DE PRAZAS DE AXUDANTES DOUTORES/AS NO CURSO ACADÉMICO 2020/2021 CON FIN DE CONSOLIDAR O EMPREGO TEMPORAL

Aprobado no Consello de Goberno do 04/06/2020

O procedemento para a elaboración do POD 2020/2021, aprobado en Consello de Goberno do 04/06/2020, establece no seu punto 1.1.4 que se intensifica o programa para reducir o número de Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución (CIS), que non fosen previamente Axudantes Doutores/as, e Asociados/as que contén cunha acreditación da ACSUG ou ANECA, e a súa transformación mediante concurso en Profesores/as Axudantes Doutores/as.

Co fin de levar a cabo este programa, establécense as seguintes normas:

1. Só se atenderán as solicitudes dos departamentos nas que cumpran as bases da convocatoria e que, unha vez aprobado o POD para o curso académico 2020/2021, se cumpra que a diferenza entre necesidade e capacidade docente da área supere as 270 horas.

Non contabilizarán neste cómputo:

- As prazas creadas no marco do programa específico de captación (programas Beatriz Galindo e Ramón y Cajal, estabilización de InTalent, etc.)
- O profesorado que se subroga desde o 01/08/2020 como consecuencia da integración do Grao en Turismo.

Para estes efectos enténdese por:

- Necesidade: Horas encargadas á área de coñecemento no POD do curso académico 2020/2021.
 - Capacidade: Suma dos seguintes compoñentes:
 - A.- Capacidade docente neta do profesorado permanente (incluído o PDI con reserva de posto de traballo).
 - B.- Capacidade docente neta do profesorado con compromiso de estabilización. A estes efectos a capacidade inicial deste profesorado será 240 horas.
 - C.- Capacidade do profesorado asociado T1 (docencia clínica).
 - X.- Horas de redución por cargo recollidas no apartado 3.1 da normativa de dedicación do PDI.
 - S.- Horas de redución por representación sindical recollidas no apartado 3.2 da normativa de dedicación do PDI.
 - O incremento na capacidade docente producido polos apartados X e S non poderá dar lugar a un aumento na capacidade docente neta que cada profesor/a tería no caso de non ter esas horas de redución.
2. Deberán contar coa acreditación a Axudante Doutor/a ou superior.
 3. Convocarase só unha praza de Axudante Doutor/a por área de coñecemento agás no caso de que a diferenza entre necesidades e capacidade iguale o resultado de multiplicar o número de prazas por 270, cun máximo de dúas prazas por área de coñecemento.



4. Poderán aprobarse 25 prazas de Axudante Doutor/a, que se convocarán no último trimestre de 2020.
5. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, estas ordenaranse segundo os seguintes criterios:
 - a. Terán prioridade as áreas que presenten a esta convocatoria acreditados/as a Titular de Universidade. En segundo lugar as áreas que contén con acreditados/as a Profesor/a Contratado/a Doutor/a. Por último, as áreas nas que se presenten acreditados a Axudante Doutor/a.
 - b. No caso de empate no criterio anterior terá preferencia a área con maior diferenza entre necesidades e capacidade segundo o determinado no punto 1.
6. Estas transformacións supoñen o compromiso dos departamentos de asumir 270 horas de encargo docente no curso académico 2020/2021 e en ningún caso poderán xustificarse para a contratación de novo profesorado.

Disposición adicional

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente encargárase de elaborar a prelación de prazas, para isto realizará a correspondente convocatoria dirixida aos departamentos e poderá requirir a información que precise das persoas e departamentos afectados, así como dos servizos da UDC.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos da universidade o resultado da prelación, da que dará conta aos Representantes dos/as traballadores/as e ao Consello de Goberno.